

# Fin dunha xeira

Bieito Iglesias, cazador de efémeras actualidades, tradutor de longa traxectoria e, sobre todo, novelista, quizais ser-rodio pero orgulloso da súa quinta – a “xeración do Seiscentos” nas súas propias verbas –, regresa á actualidade literaria coa novela *Pan e coitelo*, logo de catro anos desde aqueles relatos da súa última entrega, *Amor e música lixeira*. Bieito Iglesias, reiterá-molo, é un dos más interesantes “prosadores ficcionistas” do noso sistema literario. O escritor ourensán, desde a súa primeira proposta narrativa (*Aventura en Nassau*, 1991) deixa a actual entrega, compatibiliza o relato curto e a novela de non demasiada extensión (nouvelle), e sobre todo man- tén a marca da casa: a creación

## Con brocha expresionista

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

paifocos da Galicia profunda, folclórica, clientelar e cavernícola, así coma o perfil humano dalgúnha das alfaias que conforman a flora e a fauna deste país nos últimos anos. Nesta baixada a Galicia esperpéntica intenta o escritor retratar o “aire” que se respiraba no longo período do fraguismo, nomeadamente nos seus días terminais.

No fondal do seu retablo aparece en efecto a paisaxe de Galleira (Galicia en barallete) baixo o te-món dun Presidente alcumado o Vello, Vellote ou Prohome, con

tico dos退iros monásticos dos Conselleiros, impostos polo Presidente en datas próximas á Semana Santa, a descripción irónica – carnavalesca dun Consello da Xunta, presidido por un Presidente que non ten prezo, que é de ouro moi-do, rodeado de Conselleiros do sector leira (non precisamente labregos) e outros da facción peralta. E sobre todo, as rapanotas – nos contratos dalgúnha consellería vaise a serrucho – e as colleitas amatorias do personaxe central destas estampas, o Conselleiro Carrodeguas.

Pero *Pan e coitelo* aché-ganos ademais unha historia detectivesca con críme perfecto, as manobras e manexos dun construtor local, paradigma do clientelismo, un verdadeiro

TN RETRATO, EN CLAVE SARDÓNICA E ESPERPÉNTICA, DA GALICIA DOS ÚLTIMOS TEMPOS

brutamontes, experto na práctica de orquiotomías sen anestesia. E unha manchea de anécdotas que enchen os baleiros desta grande pintura costumista das contornas humanas da Galicia dos nosos días. En calquera caso constatamos que a ficción non supera a realidade.

Verbo dos aspectos formais de *Pan e coitelo* cómpre decir que B. Iglesias non se afasta das estruturas fragmentarias e desintegradas que caracterizan a súa anterior producción. Pequenas pinturas, unha manchea de estampas pero cosidas polos fíos dunha trama, coa úni-

ca péga de que o relato detectivesco vese detido con frecuencia por esas sequencias sen outro interese que o de amosar unha realidade esperpéntica. E logo a lingua. Esa lingua tan peculiar de Bieito Iglesias, un verdadeiro idiolecto, feito de palabras aprendidas ou vividas na súa infancia, de neoloxismos de colleita propia, de castelanismos metidos a mantener. Unha lingua viva e forte pero que corre o risco de non ser entendida por moitos dos seus lectores.

IGLESIAS, Bieito, *Pan e coitelo*, Ed. Galaxia, Vigo 2008, 140 páxinas.

dunha literatura en puridade, cun elevado grao de complexidade, pero tamén de riqueza temática e lingüística, que retrata a realidade con brocha expresionista, con pinceladas próximas ao esperpento. Cada unha das súas obras convértese así nun retablo carnavalesco, mais moi ben asentado na realidade deste país nos días de hoyano.

Con *Pan e coitelo* non racha o escritor da Chabasqueira coa coherencia da súa escrita precedente, en especial con aquela literatura que intenta retratar en clave sardónica e esperpéntica a Galicia actual, os europeis e os desaguisados

Conselleiros con tra-zas de malandros, entre os que salienta o de Cultura, un tal Carrodeguas, verdadeiro mandarinete de Galleira, que conxenia co presidente como dúas tellas – “Fomos como pan e coitelo, un ao lado do outro”. A crónica política deste fraguismo terminal roza na pluma de Bieito Iglesias a caricatura valle- inclanesca, mais sen se afastar da realidade. Así, entre as sequencias da novela, o lector atopará o relato humorís-

